

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS, COMERCIANTES E TRABALLADORES AUTÓNOMOS DE RIBEIRA PARA A INSTALACIÓN DUNHA CARPA PARA UNHA PISTA DE XEO NATURAL NO CONCELLO DE RIBEIRA NO NADAL 2025

I. Departamento que tramita o convenio

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de xustiza, administración local, relacións institucionais e parlamentarias, emerxencias e interior, relacións institucionais e coa Unión Europea, deportes e mobilidade, de conformidade co previsto no Decreto 136/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101, do 27 de maio).

Este departamento ten entre os seus eixos prioritarios o fortalecemento institucional, o impulso do asociacionismo e o apoio ás entidades locais e representativas do tecido económico e social galego, como instrumentos clave para o desenvolvemento equilibrado do territorio, así como a promoción da actividade física e deportiva como elemento esencial de cohesión social e benestar cidadán.

II. Antecedentes

A Asociación de Empresarios, Comerciantes e Traballadores Autónomos de Ribeira (en adiante Asociación) é unha entidade sen ánimo de lucro, constituída legalmente en 1979 e con sede social no municipio de Ribeira, que agrupa e representa o tecido empresarial local, actuando como interlocutora ante as administracións e promovendo accións que impulsen o desenvolvemento económico e social da comarca.

A súa actividade encádrase dentro do interese público e social, ao contribuír á promoción da economía local, á xeración de emprego e á dinamización comercial e turística do territorio. O principal obxectivo da dita Asociación é defender os intereses comúns dos asociados ante organismos públicos e privados, ao tempo





que promociona a formación e información aos seus membros sobre aqueles aspectos de indubidable importancia para a súa actividade. Trátase dunha entidade multisectorial que conta co respaldo das principais empresas ribeirenses, algunhas das cales se atopan entre as máis importantes do tecido industrial galego.

III. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Asociación o instrumento convencional a que se refire a presente memoria, cunha duración que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

IV. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Asociación de Empresarios, Comerciantes e Traballadores Autónomos de Ribeira, para a instalación da carpa da pista de xeo natural que a Asociación ten previsto explotar no Nadal 2025.

Concretamente, a actuación obxecto desta colaboración céntranse no alugueiro dunha carpa para a pista de xeo de 15 x40 metros, que inclúe instalación, desmontaxe, tarima, cortinas, iluminación, equipo de son, jaima na zona de entrada..etc, cun orzamento total de 18.997€ que se incorpora como anexo a este convenio, do cal forma parte.

A localización da pista de xeo será no Malecón de Ribeira, centro urbano (espazo estratéxico de gran afluencia peonil) e a data de funcionamento do 28 de novembro de 2025 ao 6 de xaneiro de 2026, coincidindo coa campaña de Nadal.

V. Obxectivos principais:

- Converter Ribeira nun referente comarcal durante o Nadal, incrementando o número de visitantes.
- Dinamizar o comercio e a hostalaría locais mediante a atracción de público e o fomento do consumo de proximidade.
- Reforzar a imaxe de Ribeira como cidade innovadora, acolledora e comprometida co desenvolvemento sostible.
- Promover o lecer familiar e interxeracional, cunha actividade accesible e inclusiva.





A iniciativa complementará a oferta de Nadal 2025 con actividades paralelas, ambientación temática e colaboracións solidarias con entidades sociais locais (Cruz Roja, Amigos, Cáritas, Ambar, entre outras).

VI. Fundamentos do convenio

A Asociación solicitou á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia a concesión dunha subvención para o alugueiro dunha carpa para unha pista de xeo natural que se instalará no Concello de Ribeira, durante o Nadal 2025. Esta actuación ten un orzamento total de dezaoito mil novecentos noventa e sete euros (18.997€, IVE incluído).

A colaboración proposta encaixa plenamente nas competencias e funcións atribuídas á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, conforme á súa estrutura orgánica e ás políticas transversais que lle corresponden no marco da acción de goberno. Este departamento ten entre os seus eixos prioritarios o fortalecemento institucional, o impulso do asociacionismo e o apoio ás entidades locais e representativas do tecido económico e social galego, como instrumentos clave para o desenvolvemento equilibrado do territorio, así como a promoción da actividade física e deportiva como elemento esencial de cohesión social e benestar cidadán.

A consellería exerce un papel fundamental de coordinación, apoio e cooperación institucional, tanto coas corporacións locais como co tecido asociativo, fomentando a posta en marcha de proxectos que respondan a necesidades reais da poboación e contribúan á cohesión social, ao dinamismo económico e á identidade colectiva dos municipios galegos.

Neste sentido, a actuación "Pista de Xeo Ribeira 2025", promovida pola Asociación, constitúe un exemplo paradigmático de colaboración público-asociativa, xa que materializa os principios de corresponsabilidade, cooperación e participación social que inspiran as políticas da Xunta de Galicia en materia de gobernanza e desenvolvemento local.

Deste modo, a instalación da pista de xeo natural non só contribúe á dinamización do Concello de Ribeira, senón que tamén promove o deporte e a actividade física, uns dos obxectivos da Consellería, favorecendo unha cidadanía máis activa, saudable e participativa.

A intervención da Consellería xustifícase, polo tanto, nas seguintes liñas competenciais e obxectivos estratéxicos:





- Coordinación institucional e apoio ás entidades locais e asociativas para o desenvolvemento de proxectos de interese xeral, que contribúan á mellora do benestar social e ao fortalecemento das economías locais.
- Fomento e promoción do asociacionismo, entendido como un eixo vertebrador da participación cidadá, do emprendemento colectivo e da cooperación entre sectores produtivos e administracións públicas.
- Promoción da cohesión territorial e social, mediante o impulso de iniciativas que reforcen o equilibrio entre territorios e garantan que as zonas non metropolitanas dispoñan tamén de espazos de actividade, lecer e desenvolvemento económico.
- Dimensión deportiva e de promoción do lecer activo, xa que a práctica do patinaxe sobre xeo, ademais de ser unha actividade lúdica, constitúe tamén un exercicio físico completo, apto para persoas de diferentes idades, que fomenta hábitos saudables e o uso do tempo libre de forma activa e segura, contribuíndo así, á mellora da calidade de vida, á integración interxeracional e á proxección positiva da imaxe de Galicia.
- Impulso do desenvolvemento económico sostible, en colaboración co tecido local e asociativo.

Este proxecto, ademais de responder a estes principios e competencias de forma clara e directa, e de tratarse dunha acción que xorde desde o propio asociacionismo local, ten como obxectivo dinamizar a actividade do municipio e mellorar a súa oferta de Nadal, un período clave para a convivencia cidadá.

VII. Aplicación orzamentaria e importe

O orzamento total do obxecto do convenio é o resultado do relacionado no seguinte cadro:

ORZAMENTO	
ALUGUER DE CARPA DE 15X40 metros (INSTALACIÓN+DESMONTAJE+TARIMA+CORTINAS+ILUMINACIÓN+EQUIPO SONIDO+JAIMA ZONA ENTRADA...)	15.700€
IVA 21%	3.297€
TOTAL	18.997€





Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaria Xeral Técnica, achegará a cantidade de CATORCE MIL EUROS (14.000 €, IVE incluído), con cargo á aplicación orzamentaria 05.01.121A.481.1 (código de proxecto 2015 00089) Esta cantidade representa o 73,69 % do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

VIII. A conxuntura descrita, a necesidade de asistencia manifestada pola Asociación, o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz nas labores de fomento, promoción, impulso e potenciación dunha actividade lúdico- deportiva obxecto do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican recorrer ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor da Asociación.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario xeral técnico
Francisco Javier Abad Pardo

